

**Inicio da Liga  
de Xadrez**

**Escola de Música**

**Eleccións  
Federación Galega  
de Piragüismo**

**Gala Nacional  
de Piragüismo**

**Cabalgata de Reis**

**A Liga Nacional  
de Piragüismo  
desaparece no 2010**

**Colaboración  
dos socios**

**Ollando atrás**





## Bo Nadal

**E**stamos a piques de rematar o 2009, e con iso preto de pechar un ano máis das nosas vidas, coas súas luces e sombras, con bos momentos e outros que non foron tan bos. Pero a vida continúa e hai que afrontala coa cabeza alta e traballando na procura dos nosos obxectivos, tanto a nivel particular, como en conxunto.

E cando se acercan estas datas sinaladas como son as Festas do Nadal, dende a Xunta Directiva do CMDC Breogán queremos aproveitar, un ano máis, para

agradecer a todos a súa colaboración e apoio: socios, deportistas, colaboradores, empresas colaboradoras, administracións, etc... sen os que a súa laboura e colaboración, esta empresa chamada Breogán xa estaría en quebra hai moito tempo.

Sen enrollarnos máis, queremos desexarlles a todos un BO NADAL E PRÓSPERO ANINOVO, que sexan unhas datas entrañables na compañía dos seus seres queridos.

Unha aperta.



# XUNTA DE GALICIA

## PRESIDENCIA

### Secretaría Xeral para o Deporte





## Inicio da Liga de Xadrez

O día 9 de xaneiro dará comezo unha nova edición da Liga Galega de Xadrez. Esta competición vaise alongar ata finais de mes de abril.

As diferentes partidas ou roldas disputaranse os sábados a partir das 17,00 horas, tendo esta liga uns períodos de descanso por mor da celebración do Entroido e da Semana Santa.

Breogán porá en escena dous equipos, o Breogán "A" que participará no Grupo II da Primeira División, co claro obxectivo de manter a categoría e estará compartindo grupo cos seguintes equi-

pos: Marquito, Padrón, Mercantil Ribeira "A", Club Xadrez Ourense "B", CXF Casa da Xuventude, Safa "A", Alexandre Bóveda "B", Informática Coruña, Karpov Amateur, Marín "A" e EXP "A".

O equipo do Breogán "B", no que participarán os deportistas da Escola de Xadrez, aumenta a súa categoría e, participará na Terceira División formando parte do Grupo VII desta categoría xunto con: Ajedrez CCD Sanxenxo, Manuel Iglesias, Manuel Morales, CXF Restaurante A Pedra, CXF Deportes Rodas, CXF Valdumia, Pelida Aquiles e Marín "C".



## Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ  
E EMERXENCIAS, DEPORTES  
E LIMPEZA



## Escola de Música

**U**n ano máis, e xa van uns cuantos, a Escola de Música Breogán continúa coa súa función de ensinar música, baixo o mando do seu Director, Amador Míguez.

Nesta escola os alumnos poden aprender linguaxe musical, informática musical, e aprender o uso de diferentes instrumentos: piano, guitarra, baixo, saxofón, acordeón, batería, frauta, etc... podendo engadir outros instrumentos segundo da súa demanda.

Para un mellor control do alumnado, os profesores realizan controis trimestrais

para ter unha referencia e velo avance no nivel dos alumnos.

Entre as actividades destaca o concerto de fin de curso, aínda que a Escola realiza outras actividades e está aberta a colaborar nas actividades doutras entidades locais, como así o vén facendo dende sempre.

Todas aquelas persoas que desexen iniciarse no mundo da música ou mellorar o seu nivel musical, só ten que dirixirse ao local social do Breogán, sito en Luís A.Mestre, 14; para inscribirse nas clases ou recibir a información que precise.



Deputación  
Pontevedra



# Eleccións

**D**entro do primeiro trimestre do 2010, tal como se recolle nos Estatutos que rexen a nosa entidade, terá lugar a Asamblea Xeral de Socios.

Nesta ocasión, ademais dos puntos habituais nunha asamblea, teremos que elixir unha nova Xunta Directiva, pois a actual cumpre os seus catro anos de mandato. É bo recordar que nas pasadas eleccións quedou a fronte do CMDC Breogán a candidatura encabezada por José Alfredo Bea García.

Bea, tralo seu nomeamento como Concelleiro de Deportes, presentou a súa dimisión como presidente, pasando a ocupar o cargo o ata aquel entón secretario: Félix José Lamas Gondar, quen ocu-

pa o posto de presidente ata a celebración das eleccións.

Se algún socio quere presentar a súa candidatura a presidir o Breogán ou solicitar calquera información ao respecto, pode dirixirse á oficina que usamos no Pavillón de Deportes Náuticos os mércores e venres de 11 a 13 horas ou dirixirse directamente a calquera directivo da entidade.

“ *Na oficina do Pavillón de Deportes Náuticos ofrécese toda a información sobre as eleccións: os mércores e venres de 11 a 13 h.* ”

## Eleccións na F.G.P.

**T**rala dimisión do anterior presidente, o día 1 de novembro celebrouse unha nova votación para elección de presidente a dirixir a Federación Galega de Piragüismo por un período de dez meses. Transcorridos estes, deberanse celebrar novas eleccións para elixir aos novos membros da Asamblea Galega, que logo votarán un presidente para os seguintes catro anos.

Nestas eleccións presentáronse dous candidatos a presidir a FGP: Fredi Bea e Santiago Sanmamed. Impúxose en resultados o expalista do Breogán por un total de 53 votos contra os 26 do poñente.

A situación económica da FGP é catrastrófica, polo que Bea terá un duro traballo por diante de cara a endereitar a Federación. Para levar adiante este proxecto rodeouse dun amplo abano de persoas representantes do piragüismo galego para conformar a súa Xunta Directiva, entre os que se atopa o presidente do Breogán, Félix Lamas.

“ *Fredi Bea é o novo presidente da Federación Galega de Piragüismo.* ”

Segem



GESTIÓN INTEGRAL  
DE PLAYAS Y LITORAL









# Gala Nacional de Piragüismo

O sábado 21 de novembro celebrouse no Hotel Meliá Castilla de Madrid a Gala Nacional de Piragüismo do 2009. Ao mesmo tempo conmemorouse o 50 Aniversario da Real Federación Española de Piragüismo, que foi fundada o 3 de decembro de 1959.

Ademais da celebración do aniversario, tivo lugar o reparto de galardóns correspondentes á temporada 2009 e, como non podía ser menos, entre os galardoados estivo o Breogán do Grove que recolleu o trofeo correspondente ao terceiro clasificado da “Liga Nacional de Piragüismo-Hernando Calleja”. Este posto ocupouno tras a Escuela Piragüismo de Aranjuez e As Torres de Catoira.

Para recoller o premio gañado polo noso clube, desprazouse ata Madrid

Marcelino Cacabelos quen estivo acompañado de Rut Otero. Tamén asistiu ao acto José Alfredo Bea na súa calidade de Presidente da Federación Galega de Piragüismo.

Entre os actos destacables desta Gala, podemos citar cando se invitou a subir ao escenario a todos os medallista olímpicos do piragüismo nestes 50 anos de historia da Federación: Herminio Menéndez, Ramos Misione, Esteban Cello, López Díaz-Flor, Guillermo del Riego, Narciso Suárez, Enrique Míguez, David Cal, Pérez Rial “Perucho e Saúl Craviotto. Na mañá do día seguinte tivo lugar a Asamblea da Real Federación Española de Piragüismo, onde se debatiron e aprobaron, entre outros temas, o novo sistema da Liga que se porá en funcionamento na vindeira temporada 2010.







## Cabalgata de Reis

Un ano máis, un grupo de directivos puxémonos mans á obra para confeccionar unha carroza e que Breogán estea presente, por cuarto ano consecutivo, na Cabalgata de Reis. Nesta ocasión imos contar cun carro novo para montar a carroza, grazas á colaboración de Hierros Santa Cruz e a inestimable aportación de Paco Torres, aos que aproveitamos para ofrecerlle o noso recoñecemento e agradecemento.

O primeiro ano que saíamos á rúa cunha carroza, decorámola con personaxes de debuxos animados vestidos coas cores dos clubs locais; o segundo ano con “Bob Esponja” e o ano pasado

saímos cunha carroza decorada cos amigos de “Pocoyó”.

Este ano pretendemos facer unha especie de Castelo, que podería ser o de Disney; onde ademais dos coñecidos bonecos, irán varios nenos e nenas que dan moita vida e ledicia á carroza.

Coma sempre, intentaremos facer unha decoración o máis decente posible, cunha soa intención: a de traer un anaco de ilusión aos cativos, e non tan cativos; nunha data tan especial para eles.

Se alguén está interesado na confección e decoración da carroza pode poñerse en contacto con nós: toda colaboración será ben recibida!

*Restaurante - Taberna*

# A TRAIÑA



# A Liga Nacional de Piragüismo desaparece no 2010

No ano 2002 a Real Federación Española de Piragüismo creou a Liga Nacional de Piragüismo “Hernando Calleja”, liga na que se incluían tres competicións diferentes: Copa de España de Pista, Copa de España de Promoción e Copa de España de Ríos, Travesías e Maratón.

Cada unha destas copas estaba formada por entre 6 e 8 regatas. Para o resultado final da liga sumábanse os puntos obtidos na Copa de Promoción maila mellor clasificación das outras dúas copas.

Nestas oito edicións disputadas, o clube Breogán do Grove acabou con algún dos seus deportistas no “podium”

en todas as ocasións, é dicir, que sempre estivemos entre os tres mellores clubs a nivel nacional.

Isto traducido ao nivel de fútbol, supón que estaríamos todos os anos clasificados para a “Champions League”.

No 2010 a Liga Nacional de Piragüismo desaparece, pasando a crearse varias ligas diferenciadas entre si: Liga de Pista Olímpica, Liga de Xóvenes Promesas e Liga de Ascensos, Descensos, Travesías e Maratón.

Ao mesmo tempo cambiouse tamén a regulamentación e maila puntuación destas competicións, polo que o vindeiro ano 2010 será unha toma de contacto con este novo tipo de competición.

Liga Nacional Piragüismo		
Edición	Ano	Posto Final
I	2002	PRIMEIRO
II	2003	SEGUNDO
III	2004	TERCEIRO
IV	2005	TERCEIRO
V	2006	SEGUNDO
VI	2007	SEGUNDO
VII	2008	TERCEIRO
VIII	2009	TERCEIRO

# HABITAT

Decoración



# Lotaría de Reis

Despois de ter á venda a Lotaría de Nadal, tamén temos a disposición dos socios, e de quen a desexe, a Lotaría de Reis, como vén sendo habitual na nosa entidade.

Este ano, no sorteo de Reis xogamos co número 89.721; que está á venda nos lugares de costume, e que se pode adquirir tanto en décimos ( $20+3=23$  €), como en participacións ( $4+1=5$  €). Tamén se pode solicitar directamente aos directi-

vos ou dirixíndose ao Pavillón de Deportes Náuticos. Hai que pensar que este ano pode ser o da sorte!

“ *Este ano xogamos co número 89.721 no Sorteo da Lotaría do Neno, que está á venda nos lugares de costume.* ”

## Colaboración de socios

Unha vez máis queremos invitar aos socios(as) da nosa entidade, ou a quen o desexe; a aportar algunha colaboración para o “Boletín Informativo”. Xa sexa para opinar de calquera cousa, para amosar algunha queixa, ou para o que estime oportuno. O boletín está aberto á achega de todos, especialmente dos socios.

Ao tempo lembramos que calquera socio(a) interesado pode participar ou colaborar nas actividades que a entidade organiza ao longo do ano, estando aber-

tos a estudar a posta en marcha doutras iniciativas que nos propoñan.

“ *Invitamos aos nosos socios a colaborar coas súas aportacións no Boletín Informativo con opinións, suxerencias ou queixas.* ”

## Atención aos socios

Como xa anunciamos no número anterior, grazas á colaboración da Consellería de Traballo a través dos programas de colaboración, temos unha persoa que nos bota unha man nos traballos de oficina e, dispuxemos de dous días para atención aos socios(as). Esta atención realizarase os mércores e venres de 11 a

13 horas no local que utilizamos no Pavillón de Deportes Náuticos. Tamén poden dirixirse, para o que estimen oportuno, directamente a calquera membro da Xunta Directiva.

“ *Atención ao Socio é os mércores e venres de 11 a 13 horas.* ”



  
Especialistas en  
Seguros de Defensa Jurídica

 Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

OLLANDO ATRÁS



OLLANDO ATRÁS



**acquariumgalicia**